## 5º.- PROPOSICIÓN (ARTS. 97.2 ROF E 65 ROM) - MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 01/2021: SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS 2021.

Dáse conta da proposta da Alcaldía do 22/11/2021, que figura no expediente e que literalmente recolle:

<<Asunto: Modificación bases de execución do orzamento 1/2021: subvencións nominativas

Non tendo entrado en vigor o orzamento municipal para o 2021 rexe a prórroga do 2020 aprobada por Decreto da alcaldía 45/2021.

A natureza das subvencións a entidades sociais e educativas, así como o contido dos proxectos executados polas mesmas, provoca dificultades para obxectivar os criterios avaliativos para a súa concesión; enténdendose máis axeitado formular as mesmas como subvencións previstas nominativamente nos orzamentos a través de acordo plenario en aplicación do artigo 22 da Lei xeral de subvencións

No orzamento do exercicio 2020 estaban previstas nominativamente subvencións para entidades sen ánimo de lucro nas áreas de servizos sociais e educación cunhas dotacións respectivas de 15.100 € e 88.120 €

Segundo o artigo 21 do R.D. 500/1990 non serán prorrogables os créditos destinados a programas que deban concluír no exercicio anterior. En relación coas subvencións previstas nominativamente nos orzamentos o informe da Intervención Xeral da Administración do Estado 1/2019 interpreta que os créditos orzamentarios que as amparan serán prorrogables, pero que se perderá o seu carácter de “nominatividade” no orzamento prorrogado, polo que procede modificar as bases de execución a efectos de dotarlles novamente da dita condición.

Visto informe da intervención municipal obrante no expediente, propónse:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación das bases de execución 01/2021 incluíndo un apartado 5 a) co seguinte contido

a) As previstas nominativamente no Orzamento, nos termos recollidos nos respectivos convenios e normativa reguladora destas, que polo súa natureza non sexan obxecto de concorrencia competitiva e que responden ao seguinte detalle para o exercicio 2021:

| Beneficiario                          | Aplicación Orzamentaria | Importe   |
|---------------------------------------|-------------------------|-----------|
| A Peneira                             | 2310.48016              | 1.500,00  |
| ASPACE                                | 2310.48016              | 6.000,00  |
| ASPACE Patronato                      | 2310.48016              | 1.000,00  |
| Cáritas                               | 2310.48016              | 3000,     |
| Cruz Vermella                         | 2310.48016              | 1.000,00  |
| Solidariedade Galega co Pobo Saharaui | 2310.48016              | 2.000,00  |
| ANPA Escola infantil Mondego          | 2310.48016              | 600,00    |
| ANPA Pedro Barrié de la Maza          | 326.48016               | 40.000,00 |
| CEIP Mosteirón                        | 326.48016               | 3.000,00  |
| ANPA Sada y Contornos                 | 326.48016               | 3.500     |
| ANPA Mosteirón                        | 326.48016               | 3.000,00  |
| IES Mosteirón                         | 326.48016               | 1.500,00  |
| CEIP Sada y Contornos                 | 326.48016               | 3.000,00  |
| CEIP Pedro Barrié de la Maza          | 326.48016               | 4.500,00  |
| ANPA Virxe do Carme                   | 326.48016               | 600,00    |



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

exp. 2021/G010/000013

|                                      |           |                  |
|--------------------------------------|-----------|------------------|
| IES Isaac Díaz Pardo                 | 326.48016 | 3.500,00         |
| ANPA Isaac Díaz Pardo                | 326.48016 | 3.000,00         |
| <b>Total subvencions nominativas</b> |           | <b>80.700,00</b> |

Segundo.- Dispor, en aplicación da Base de execución segunda do orzamento municipal e artigo 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas-

Terceiro.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor>>.

O sr. Alcalde sinala que se trata dun asunto non ditaminado pola Comisión Informativa Xeral, polo que se trata dunha proposición, polo que cómpre proceder a votar a urxencia.

A continuación procédese á votación da urxencia, resultando aprobada por unanimidade, ao abeiro do disposto no artigo 46.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en relación co parágrafo 2º do artigo 79 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

Debátase o asunto coa intervención da sra. Reimúndez Suárez (BNG) que sinala que hai unha emenda, dado que hai dúas asociacións que a día de hoxe non teñen actividade, polo que se incrementa a achega á Cruz Vermella, que se equipara a Cáritas.

Deseguido, o sr. Interventor, á vista da emenda corrobora o seu informe favorable.

Continúan as intervencións coa sra. Pardo Fafián (PSOE) e coa sra. García Freire (PP).

A continuación procédese á votación da emenda, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningún.

Resultando aprobado por unanimidade dos presentes o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobado inicialmente a modificación das bases de execución 01/2021 incluíndo un apartado 5 a) co seguinte contido

a) As previstas nominativamente no Orzamento, nos termos recollidos nos respectivos convenios e normativa reguladora destas, que polo súa natureza non sexan obxecto de concorrencia competitiva e que responden ao seguinte detalle para o exercicio 2021:

| Beneficiario                         | Aplicación Orzamentaria | Importe   |
|--------------------------------------|-------------------------|-----------|
| ASPACE                               | 2310.48016              | 6.000,00  |
| ASPACE Patronato                     | 2310.48016              | 1.000,00  |
| Cáritas                              | 2310.48016              | 3000,00   |
| Cruz Vermella                        | 2310.48016              | 3.000,00  |
| Solidariedade Galega co Pobo Saharai | 2310.48016              | 2.000,00  |
| ANPA Pedro Barrié de la Maza         | 326.48016               | 40.000,00 |



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

exp. 2021/G010/000013

|                                      |           |                  |
|--------------------------------------|-----------|------------------|
| CEIP Mosteirón                       | 326.48016 | 3.000,00         |
| ANPA Sada y Contornos                | 326.48016 | 3.500,00         |
| ANPA Mosteirón                       | 326.48016 | 3.000,00         |
| IES Mosteirón                        | 326.48016 | 1.500,00         |
| CEIP Sada y Contornos                | 326.48016 | 3.000,00         |
| CEIP Pedro Barrié de la Maza         | 326.48016 | 4.500,00         |
| ANPA Virxe do Carme                  | 326.48016 | 600,00           |
| IES Isaac Díaz Pardo                 | 326.48016 | 3.500,00         |
| ANPA Isaac Díaz Pardo                | 326.48016 | 3.000,00         |
| <b>Total subvencions nominativas</b> |           | <b>80.600,00</b> |

Segundo.- Dispor, en aplicación da Base de execución segunda do orzamento municipal e artigo 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas-

Terceiro.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor.

## **6º.- CONTROL DE ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.**

### **A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 25 de outubro (núm. 2.270) ata o 19 de novembro de 2021 (núm. 2.409).**

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 25 de outubro (núm. 2.270, do expediente 2021/G003/002380) ata o 19 de novembro de 2021 (núm. 2.409, do expediente 2021/G003/002529), que foron postas de manifesto á secretaria da Corporación.

### **B.- Mocións.**

#### **B.1.- Declaración Institucional 25 novembro**

O sr. Alcalde dá lectura a declaración institucional seguinte:

<<DECLARACIÓN INSTITUCIONAL 25 DE NOVIEMBRE

CONCELLO DE SADA

A loita contra a violencia machista é un dos retos máis grandes para a sociedade galega e para a humanidade no seu conxunto. O 25 de novembro, declarado Día Internacional da eliminación da Violencia contra as Mulleres pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas no ano 1999, é unha data de denuncia e reivindicación que convida a reflexionar e actuar para avanzar na súa prevención, sensibilización e erradicación.

No que vai do ano 2021, Galicia xa tivo que saír á rúa a condenar un asasinato machista cometido na Coruña, á espera de que conclúan as investigacións respecto doutro asasinato dunha muller no Barco de Valdeorras. Así mesmo, segundo os datos do IGE, durante o 1o semestre de 2021 a Atención polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección abordou o seguimento de 536 novos expedientes e foron comunicadas máis de 500 medidas de protección.

A pandemia da covid-19 trouxo ao noso contexto actual unha importante crise social e económica que atravesa de forma moi intensa a realidade das mulleres, un dos sectores máis afectados na nosa sociedade. É evidente que neste contexto, aínda que invisibilizada, a violencia machista continuou connosco.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

exp. 2021/G010/000013

Podemos sinalar como na súa Memoria anual do ano 2020, coñecida en outubro, a Fiscalía Superior de Galicia sinala que hai un nicho de criminalidade que a pandemia ocultou e que no ámbito da violencia machista “o nivel de convivencia que a situación xerou, sen ningunha dúbida, supuxo un aumento que as cifras derivadas da fría estatística non reflicte, pero que aparecerá seguramente nun futuro non moi afastado ao atoparse actualmente soterrada, de forma que pronto, entendemos, xurdirá un goteo de procedementos cuxa orixe ou aparición se deriva da pandemia.

Por tanto, aínda que a situación da pandemia estea nunha fase de control, é necesario que se atendan todas as repercusións, tamén no ámbito da violencia machista. É necesario, polo tanto, abordar a necesidade de fortalecer os medios existentes e de adquirir máis compromisos orzamentarios, legislativos e políticos.

Nos últimos anos Galicia é exemplo de importantes avances institucionais, como o recoñecemento da violencia vicaria como violencia machista, e de importantes mobilizacións, como amosa a cada vez maior resposta aos asasinatos machistas, en convocatoria e asistencia, ou as históricas manifestacións dos 8 de marzo.

Estes feitos dan conta da fartura social e do gran rexeitamento á violencia machista da sociedade galega, e do Concello de Sada, como tamén reflicten os datos da enquisa sobre percepción da violencia de xénero por parte da sociedade galega, que sinala como o 80% da sociedade entende que este é un problema social que atinxe a todas as persoas e non se circunscribe ao ámbito privado>>.

## **B.2.- Moción do grupo municipal do PP relativa ao importante sobrecoste da expropiación de dúas parcelas en Mondego, aproximadamente 1.600.000 euros.**

Consta unha moción presentada polo grupo municipal do PP, que literalmente sinala:

*<<Dña Soraya Salorio Porral, con documento nacional de identidade número 32.450.502D, Portavoz del grupo municipal del Partido Popular en el Ayuntamiento de Sada, domiciliada en Seixeda - Osedo 28, CP 15168 Sada, en nombre y representación del mismo, en base a lo dispuesto en el art. 64.1 del R.O.M, en tiempo y plazo oportunos para su debate y aprobación si procede por el pleno de esta corporación, presenta la siguiente:*

### **MOCIÓN**

*Relativa al importante sobrecoste de la expropiación de dos parcelas en Mondego, aproximadamente 1.600.000 euros.*

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Por Decreto de alcaldía nº 1221 de 7 de agosto de 2009 se aprobó de forma definitiva el expediente de expropiación forzosa y obtención de los terrenos precisos para la construcción de una “galescola” y de un “centro de día”, en Quintan, en la parroquia de Mondego.*

*Se expropiaron dos parcelas, la de referencia catastral 8707804NJ5080N0001FX de 7.589 m2 por 70.405,10 euros; y la 8707803NJ5080N0001TX de 13.942 m2 por 116.409,20 euros.*

*El 18 de septiembre de 2009 se firmó el ACTA DE OCUPACIÓN Y PAGO DEL JUSTIPRECIO (en total 186.814,30 euros).*

*Dicho justiprecio lo determinó el Ayuntamiento a partir de dos tasaciones contratadas directamente a las empresas Arquitasa (Sociedad de Tasaciones de los Colegios de Arquitectos de España S.A) y Tecnitasa (Técnicos en Tasación SA). Ambas empresas inscritas en el registro Oficial del Banco de España.*

*Ambas tasaciones coincidieron a lo largo de dos hojas, palabra por palabra y punto por punto, en la justificación del procedimiento de tasación de las parcelas como suelo rustico. O se pusieron de acuerdo ambas empresas, o el que las contrató les facilitó dicha justificación.*

*No fue hasta el 07/08/2015 que tuvo entrada en el Jurado de Expropiación de Galicia el expediente completo para la determinación del precio justo del citado proyecto expropiatorio. Cabe preguntarse la razón de esta demora.*

*El Jurado de Expropiación de Galicia dictó acuerdo en agosto de 2016 por el que se fijó el precio justo de las parcelas, una en 459.381,14 euros y la otra en 843.944,12 euros (en total 1.303.325,20 euros).*

*El JEG incrementó el justiprecio en 1.116.510,90 euros; es decir, multiplicó por 7,25 la valoración municipal. Dicho justiprecio resulta de valorar el suelo según su clasificación urbanística de núcleo rural, y no como suelo rustico. Esta valoración y criterio fueron posteriormente confirmados por el Tribunal Superior de Justicia de Galicia.*

*Respecto de dicho acuerdo del JEG, Oscar Benito Portela Fernández interpuso inicialmente el 07/10/2016*



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

exp. 2021/G010/000013

requerimiento previo a la vía contencioso-administrativa. El 16/03/2017 el Pleno del JEG acordó no atender dichos requerimientos previos.

Contra las resoluciones del JEG el Ayuntamiento de Sada interpuso sendos recursos contencioso-administrativos, uno por cada parcela, ante el Tribunal Superior de Justicia de Galicia; que fueron inadmitidos el 11/12/2017. También fueron desestimados el 01/02/2018 los recursos de reposición presentados.

El Tribunal Supremo el 25/10/2018 y el 18/01/2019 inadmitió sendos recursos de casación interpuestos por el Ayuntamiento de Sada.

El 08/04/2019 Oscar Benito Portela Fernández solicitó la revisión de oficio y, subsidiariamente, la declaración de lesividad de los acuerdos del JEG y del Pleno del JEG. El 22/09/2021 el TSJG "...desestimó por ser dicha resolución conforme a derecho y todo ello con imposición de costas a la parte actora...". Ante dicha resolución Portela anunció un nuevo recurso de casación.

Todos los recursos presentados por Oscar Benito Portela Fernández sostienen lo elevado del justiprecio determinado por el JEG y que los terrenos deben valorarse como rústicos.

Sin embargo, en el pleno celebrado el 17 de marzo de 2016, anterior incluso al acuerdo inicial del JEG que determinó el justiprecio, el gobierno municipal presidido por Oscar Benito Portela Fernández aprobó de forma provisional el Plan General de Ordenación Municipal, que en su Estrategia de Actuación, apartado 3.1 CRITERIOS DE VALORACIÓN DE COSTES determina que el suelo clasificado como de núcleo rural está en la situación de urbanizado y se valora a efectos de expropiaciones a razón de 90 euros el metro cuadrado. Este PXOM finalmente fue aprobado de forma definitiva parcial el 11.10.2017, con los mismos criterios de valoración de costes indicados.

El Ayuntamiento valoró en 2009 a 8,63 eur/m<sup>2</sup>; el JEG tasó el justiprecio en 60 eur/m<sup>2</sup>; y el PXOM aprobado fijaba ya 90 eur/m<sup>2</sup>, valor muy superior al del justiprecio.

Portela en todos los recursos presentados conocía lo falso de sus argumentos, como prueba el PXOM; así se recoge en el Razonamiento jurídico Sexto del fallo del TSJG del 22 de septiembre de 2021 (PO 0007435/2019).

El importante sobrecoste de la expropiación de las dos parcelas de Mondego, aproximadamente 1.600.000 euros, merece una investigación por si hubiese responsabilidades de las empresas tasadoras, y/o de los cargos públicos que las contrataron. Igualmente los reiterados recursos interpuestos por el alcalde Oscar Benito Portela Fernández, a sabiendas de su falta de fundamento, ha incrementado el justiprecio en casi 500.000 euros por los intereses, honorarios de peritos, letrados, y costas judiciales.

Considerando que hace más de un año preguntamos al alcalde en un Pleno si estudiaría las posibles responsabilidades del citado sobrecoste, y que a día de hoy no nos ha informado de ninguna actuación.

Considerando igualmente que no se nos permite proponer y votar acuerdos de gestión de gobierno; y dado el elevado desvío presupuestario de la expropiación, que se multiplica casi por 10 con efectos muy negativos para los vecinos, nos vemos en la necesidad de proponer al Pleno el siguiente

#### ACUERDO

Primero.- Instar a la Fiscalía Provincial de A Coruña a que analice el importante sobrecoste de la expropiación forzosa de los terrenos precisos para la construcción de una "galescola" y de un "centro de día", en Quintan, en la parroquia de Mondego, con el fin de determinar si hubiera responsabilidades de las empresas tasadoras, y de los cargos públicos que con su actuación han contribuido a elevar su coste.

Segundo.- Dar traslado de este acuerdo a la Fiscalía Provincial de A Coruña>>.

A sra. García Freire (PP) xustifica a urxencia da moción.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningún.

Continúa o debate coa intervención da sra. García Freire (PP), da sra. Nogareda Marzoa (AV), da sra. Reimúndez Suárez (BNG), da sra. Pardo Fafián (PSOE) e do sr. Alcalde.

A continuación, debatido o asunto, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 5 (5 PP).
- Votos en contra: 10 (6 SM, 2 BNG e 2 AV).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

exp. 2021/G010/000013

- Abstencións: 2 (2 PSOE).

Resultando rexeitada a moción por non ter sido aprobada.

## **B.2.- Mocións do grupo municipal do BNG sobre a defensa de melloras no bus metropolitano na Coruña.**

Consta unha moción presentada polo grupo municipal do BNG, que literalmente sinala:

### **<<MOCIÓN EN DEFENSA DE MELLORAS NO BUS METROPOLITANO NA CORUÑA**

*Logo dun ano da súa entrada en vigor, o denominado pola propia Xunta de Galiza como “novo mapa do transporte urbano”, nacido ao abeiro das novas concesións licitadas polo executivo autonómico, presenta unha serie de eivas que, previsíbeis sobre o papel, a súa posta en marcha constatou evidentes.*

*Así, o malestar social xerado polas consecuencias da deficiente planificación autonómica do transporte colectivo por estrada, motivou unha forte contestación na comarca veciña de Ferrolterra, que reclamando, entre outras cousas, máis frecuencias que a conectaran coa Coruña e a súa contorna, obrigou á Xunta a se sentar cos concellos da zona e corcoser tombas no flamante traxe para o transporte público estreado hai un ano.*

*Na contorna coruñesa, en maior ou menor grao, repítense, día si e día tamén, unha serie de problemas na práctica totalidade de municipios que, lonxe de ser puntuais, revélanse como crónicos e de imposíbel solución nos marcos concesionarios que actualmente delimitan a prestación deste servizo público.*

*O principal problema a día hoxe radica en que nos núcleos urbanos da área metropolitana máis poboados, en horas punta de comezo da xornada laboral, hai buses que literalmente non collen viaxeiros en determinadas paradas porque van cheos. É dicir, na práctica e de xeito recorrente incúmrese por sistema a prestación acordada entre a Xunta de Galiza e a empresa concesionaria. Ocasiónase así un perxuízo ás persoas usuarias deste servizo, maioritariamente traballadores e traballadoras, rapazada estudante ou persoas potencialmente máis vulnerábeis que fan uso destes servizos para asistir a centros de atención sanitaria. Alíás disto, as liñas que pasan pola nosa localidade, nomeadamente a B8, B6 e D7, acumúlan decenas de queixas por retrasos e impuntualidades con respecto a un horario xa de por si escaso, con pouca frecuencia e limitado a unhas franxas horarias que non se adaptan ás xornadas laborais de tarde ou ao alumnado de formacións en réxime nocturno nen son compatibles co ocio do fin de semana.*

*Parece claro que o que no seu día se nos vendeu coma unha “grande revolución” nas rutas de autobuses supramunicipais, foi máis unha operación que buscaba a concentración empresarial facilitando a entrada no “negocio” de grandes empresas transnacionais en detrimento das sociedades galegas ao tempo que se primaba a merma dos custes de explotación sobre a compoñente social, de igualdade e cohesión territorial, do transporte público.*

*Só así se entende unha resposta tan sumamente parcial, raquítica e, polo tanto, insuficiente, a demandas sociais tan contrastadas e necesarias como a mellora da conectividade co centro da cidade, os servizos aos centros de ensino e de saúde, as liñas aos polígonos industriais e grandes centros de traballo ou a conectividade intracomarcal en rede, sen pasar pola cidade.*

*Xunto á vixencia dunha implementación plena e ambiciosa das demandas citadas, resulta evidente que fica pendente, unha mellora das frecuencias, un redeseño de liñas que tendan ao seu alongamento tanto supramunicipal como parroquial dentro do propio concello, unha dignificación do servizo modernizando e mellorando a limpeza do conxunto da súa infraestrutura, unha mellora integral da accesibilidade ao mesmo e un sistema de información claro, áxil e moderno á hora de empregar o transporte colectivo por estrada metropolitano.*



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

exp. 2021/G010/000013

É por todo isto que trasladamos ao pleno municipal a seguinte proposta de ACORDO

1.- O Concello de Sada demanda da Xunta de Galiza a convocatoria dunha xuntanza onde estexan presentes as administracións públicas e os axentes sociais para concretar melloras no actual “mapa de transporte” e nas condicións de explotación das liñas que nel se contemplan.>>.

A sra. Rodríguez Pena (BNG) xustifica a urxencia da súa moción.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningún.

Continúa o debate coa intervención da sra. Rodríguez Pena (BNG), da sra. Nogareda Marzoa (AV), da sra. Pardo Fafián (PSOE) e do sr. Tellado Villares (PP), que fai unha emenda:

<<Único.- O Concello de Sada demande á Delegación do Goberno unha reunión onde estean presentes as administracións públicas e os axentes sociais para que adopten as medidas nas obras que faciliten a circulación dos buses>>.

Continúa o debate coa intervención do sr. Fariña Andrade (SM) e do sr. Alcalde.

A continuación, debatido o asunto, procédese á votación da emenda do PP, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 5 (5 PP)
- Votos en contra: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Abstencións: Ningún.

A continuación, debatido o asunto, procédese á votación da moción do BNG, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 5 (5 PP).
- Abstencións: Ningún.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

**Único.-** O Concello de Sada demanda da Xunta de Galicia a convocatoria dunha xuntanza onde estean presentes as administracións públicas e os axentes sociais para concretar melloras no actual “mapa de transporte” e nas condicións de explotación das liñas que nel se contemplan.

### **C.- Rogos e preguntas.**

A sra. Pardo Fafián (PSOE) lembra varios rogos xa formulados na sesión plenaria anterior:

- Rogo formulado por AV sobre o mobbing, se indique os pasos dados para evitar situacións de inxerencia entre ou con traballadores municipais, e mesmo de mobbing laboral.

A sra. Nogareda Marzoa (PP) responde que se deron pasos, pero que non os vai precisar.

- Rogo sobre os informes de aptitude urbanística e autorizacións sectoriais necesarias para a execución do proxecto para a construción dunha área recreativa e con estanques no paseo marítimo de Sada.

A sra. Reimúndez Suárez (BNG) salienta que desde que se preguntou non se adiantou nada máis.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) solicita que se pida ese informe de aptitude e, se non se pide, que se diga por qué non se pide.

A sra. Reimúndez Suárez (BNG) lembra que fai uns meses xa tiveron unha reunión co arquitecto municipal e houbo un bo entendemento entre o proxectista e o técnico municipal.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

exp. 2021/G010/000013

- Rogo sobre a estabilización do emprego temporal, manifestando a intención de todos os grupos municipais, seguindo as directrices marcadas polos informes da Secretaria, antes do 31/12/2021, cando deberían traer a Pleno a modificación da RPT.

A sra. Nogareda Marzoa (AV) sinala que concordan con seguir con ese expediente.

A sra. Reimúndez Suárez (BNG) engade que se deron pasos, houbo dúas reunións cos sindicatos, e queren que se execute esta medida e que sexa o menos lesivo para os traballadores e non queren que ninguén quede na rúa.

A sra. Salorio Porral (PP) reitera que non queren que quede ninguén na rúa.

O sr. Alcalde di que o proxecto de lei vótase o Pleno do Congreso o día 2 de decembro e hai unhas emendas incorporadas ao trámite parlamentario, polo que tomar decisións sen ter o contido preciso e exacto das medidas semella unha irresponsabilidade, polo que seguindo o informe da Secretaria, e vendo cómo saia a lei publicada no BOE, logo do Congreso dos Deputados e do Senado, tramitarase un proceso de estabilización, con outros temas de persoal que estiveron negociando cos sindicatos durante as dúas últimas semanas: a execución da sentenza firme dende 2017, unha modificación puntual da RPT antes da nova RPT, a aprobación da Oferta de Emprego Público do 2021, así como unha oferta complementaria para a estabilización, no 2021 ou xa no 2022.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) non considera irresponsable facer unha declaración do Goberno en favor de persoal que leva en fraude de lei bastantes anos.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) lembra varias preguntas xa realizadas na sesión plenaria anterior:

- Pregunta pola vulneración do preceptuado na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, á sra. Nogareda Marzoa (AV) e á sra. Reimúndez Suárez (BNG) se son coñecedoras, con relación a unha persecución policial a un vehículo realizada a fin de semana do 15 ao 17 de setembro na estrada de Meirás a Sada, cando presuntamente o vehículo policial ía só ocupado por dous auxiliares da Policía Local.

- Pregunta, en relación cos muros de peche de máis de tres metros de altura en plano vertical, por qué se permiten nas obras de construción de beirarrúas na AC-163, e non se lles permiten aos veciños.

A sra. Nogareda Marzoa (AV) consultou este tema, e o técnico valora que hai excepcións.

- Pregunta á sra. Reimúndez Suárez (BNG) se van pedir responsabilidades políticas e mesmo legais en relación a licenzas e licitacións que están saíndo á luz, logo do informe da Secretaria.

A sra. Reimúndez Suárez (BNG) reitera que as súas competencias son dúas concellerías, e se alguén ve asuntos susceptibles dalgún delito, que o leven a Fiscalía e resolva a xustiza.

O sr. Alcalde engade que coñecido ese informe, xa se emitiron providencias para regularizar as situacións.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) di que unha cousa son as responsabilidades legais e outras as políticas.

A continuación, a sra. Pardo Fafián (PSOE) realiza varias preguntas:

1ª) Pregunta polo pedimento dun Atestado, remitido ao Xulgado, logo de telo solicitado, fai máis dun mes, que lle foi denegado polo xefe accidental da Policía Local, polo que pediu medidas disciplinarias; se se lle vai dar.

O sr. Alcalde respóndelle que facilitóuselle toda a información, menos un Atestado, porque o xefe consultou fontes legais, e non llo facilitou, polo que vai ordear que inmediatamente se remita á Secretaría e sexa quen informe se vostede está lexitimada.

2ª) Pregunta, en relación á acta da Xunta de Goberno Local do 07/10/2021, no punto 4 da Orde do Día: Certificacións núms. 3 e 4 da obra denominada “Instalación colector pluviais en Avda. de Sada e os seus contornos e camiño cemiterio ata Avda. do Porto”, incluída no Adicional 1 do POS+2019, na que a sra. Nogareda Marzoa (AV) expón que a obra está a ter problemas e que é máis prudente clarificar e resolver a dita problemática antes de continuar coa aprobación de certificacións; cales son os problemas que se visualizan,



podería ser que haxa partidas con medicións moito máis elevadas que as que parece que se fixeron, resultando certificacións con menor execución de obra que a executada.

A sra. Nogareda Marzoa (AV) responde que hai excesos de medicións.

3ª) Pregunta, en relación ao requirimento xudicial dentro das dilixencias previas sobre licenzas de varios locais dende 2016 e 2020, se xa foi respostado e se poderían ter acceso ao mesmo.

O Alcalde respóndelle que se está enviado, sí.

4ª) Pregunta polo cambio do subministrador de combustible dos vehículos municipais, a quen se lle adebedan 15.000 euros, e cal foi o problema para non facer o pagamento ata o ano que vén.

O sr. Alcalde resposta que é imposible, que nunca se lle deberon 15.000 euros, porque recorda que se está a subministrar por un solo empresario e que non ten contrato.

O sr. Tellado Villares (PP) realiza varias preguntas:

1ª) Pregunta cando se lles pode facilitar o proxecto de redacción da demolición do Náutico.

2ª) Pregunta cando se lles pode facilitar o proxecto modificado de redacción da demolición do Náutico.

3ª) Pregunta cando se lles pode facilitar a licenza núm. 73/2020, relativa a un edificio situado na rúa Monzo.

A sra. García Freire (PP) realiza unha pregunta e formula un rogo:

1ª) Pregunta, logo das obras de saneamento realizadas nun camiño situado fronte á escola infantil, cando se poden conectar.

O sr. Alcalde dille que se dirixan á Urbanismo e falen co enxeñeiro técnico municipal.

1º) Roga que non derrochen no mantemento das árbores do muro de Fontán.

O sr. Fariña Andrade (SM) respóستalle que a empresa encargada do mantemento está apercibida para a súa reposición.

A sra. Salorio Porral (PP) realiza varias preguntas e formula un rogo:

1ª) Pregunta, en relación ao parque infantil fronte ao Eroski, porque a base do cabaliño está levantada nunha esquina.

2ª) Pregunta cando se lles pode facilitar o informe do director de obra, a autorización do órgano de contratación e a acta de suspensión das obras de demolición do Náutico, que foi solicitado o 15/11/2021.

3ª) Pregunta pola xustificación sobre a continuación do contrato con Idade de Ouro, actual concesionaria do SAF, que foi solicitado o 10/09/2021, pero que non figura nin a xustificación, nin a resposta dentro da documentación que se lles achegou.

4ª) Pregunta cal é a o motivo da instalación dunha xaula de ferro, que se instalou dentro das pistas polideportivas en Mondego, porque o consideran un perigo.

A sra. Nogareda Marzoa (AV) respóndelle que é unha pista multideporte, que ten carácter multidisciplinar, e que se instalou para evitar os balonazos, polo que se pon algo máis resistente, que cumpre unha normativa.

O sr. Alcalde respóndelle que as porterías están dentro da malla.

1º) Roga que, como non ocorreu no punto da Orde do Día do Centro de Formación Profesional, permita unha réplica, se existe diferenza de opinións, aínda que sexa o Alcalde e Presidente, non ten por que ter a última rolda de palabra, porque o PXOM preveu o CFO onde xa estaba, como equipamento educativo, e cuestionou non a ubicación, que se modificaría por acordo plenario, senón o tipo de formación a realizar nese centro.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

exp. 2021/G010/000013

O sr. Alcalde coméntalle que deixa falar nos plenos e hoxe mesmo o sr. García Cotelo (PP) falou máis dos cinco minutos previstos no ROM.

A sra. Salorio Porral (PP) preguntou qué tipo de formación se vai levar a cabo, á vista do material específico da subvención: 17 ordenadores, 12 tabletas e 5 portátiles.

A sra. Rodríguez Pena (BNG) resposta que non se trata de material específico, senón material xenérico, vale para calquera tipo de formación.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 22 horas e dous minutos do día xoves 25 de novembro do 2021, do que como secretario accidental dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

[https://sede.sada.gal/gl/portal\\_transparencia/Relevancia\\_Juridica/Normativa/Normativa.html](https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html).